

Dereitos lingüísticos, dereitos sanitarios

Vimos de saber do caso gravísimo dunha usuaria que se viu obrigada a cambiar de lingua, do galego para o castelán, ao ser atendida no servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro. Particularmente flagrante é esta vulneración de dereitos por haber un menor implicado, tamén galegofalante, que foi ignorado pola pediatra ao expresarse na súa lingua habitual.

Este caso concreto chegou á prensa, pero non é de ningún xeito único. Os dereitos lingüísticos das usuarias son constantemente vulnerados na asistencia sanitaria, se ben non de xeito tan explícito. A relación médico-doente é necesariamente unha relación xerárquica, na que a parte máis feble é sempre a do doente, que é quen demanda axuda e ademais, quen se atopa nunha situación de especial vulnerabilidade.

O feito de que un profesional sanitario se dirixa en castelán a un usuario galegofalante xa limita de entrada o exercicio dos seus dereitos lingüísticos, dado que este último sentirase naturalmente impelido a empregar coa persoa que ocupa a posición xerarquicamente superior a lingua que esta emprega, que ademais resulta ser a de maior prestixio social.

No Plan Xeral de Normalización Lingüística establécese claramente que é o usuario o que ten o dereito a ser atendido na súa lingua. Porén, na práctica non se esixe coñecemento de galego para exercer na sanidade pública galega, e nin sequera os documentos oficiais, como consentimentos informados, están dispoñibles na nosa lingua. Polo tanto, dáse un desleixo por parte da Administración para cumprir e facer cumprir un plan que ela mesma promulgou.

Iria Veiga, Nós Diario, 23/01/20

1. Analiza a estrutura do texto.
2. Explica o significado teñen no texto as palabras subliñadas.
3. No texto que acabas de ler a autora móstrase crítica co feito de que o persoal sanitario de Galicia incumpra os dereitos lingüísticos dos/as pacientes ao non dirixirse a eles/as en galego. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo co seu punto de vista.

Data límite de entrega: 4 de maio